

# MANUAL DO TRANSPORTE ESCOLAR

Proxecto Cofinanciado por:



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica

PLAN  
AVANZA



MINISTERIO  
DE INDUSTRIA, TURISMO  
Y COMERCIO



FONDO EUROPEO  
DE DESARROLLO  
REGIONAL

## Manual básico: Boas prácticas no transporte escolar

### Bloque 1: Introducción

- Transporte escolar en Galicia
- Beneficiarios do transporte escolar
- Organización do servizo
- Duración da viaxe
- Horario
- Medidas básicas de precaución
- Acompañante de transporte escolar
- Itinerario e paradas

### Bloque 2: Os vehículos dedicados ao transporte escolar

- Permiso especial do condutor
- Antigüidade dos vehículos
- Tacógrafos
- Velocidade
- Sinalización

### Bloque 3: Condicións técnicas dos vehículos

- Homologación do vehículo
- Normas internacionais de resistencia da súa estrutura
- Fiestras
- Pantalla de protección
- Cintos de seguridade
- Capacidade
- Portas
- piso
- Saídas de evacuación
- Caixa de primeiros auxilios e extintor
- Martelo rompecristais de seguridade

### Bloque 4: O acompañante escolar

- Dereitos e obrigas
- Condicións laborais

Bloque 5: Dos usuarios, nais, pais e centros escolares

- Dereitos e obrigas do alumnado como usuarios do transporte
- Orientacións para nais e pais
- Orientacións para condutores
- A colaboración dos centros escolares en relación co control e seguimento do servizo

Anexo I: Decálogo de boas prácticas en materia de seguridade e convivencia

Anexo II: Preguntas frecuentes

- ... Ao ir á parada
- ... Ao subir ao autobús
- ... Dentro do autobús
- ... Ao baixar do autobús

Anexo II: Normativa aplicable

## **Bloque 1: Introducción**

### **1.1 O TRANSPORTE ESCOLAR EN GALICIA**

Para máis de 93.000 estudantes en Galicia, o día comeza e remata cunha viaxe nun autobús escolar no que acudiron aos seus centros de ensino. Cada vez o fan a unha idade máis temperá, posto que é maior o número de nenos de educación infantil (de 3 a 6 anos) que utiliza este medio de transporte.

O Real decreto 443/2001, do 27 de abril, establece as condicións de seguridade no transporte escolar e de menores e trata aspectos tan importantes como a antigüidade dos vehículos, as características técnicas, a inspección técnica á que están sometidos estes, entre outros. Debido a que é un transporte que se realiza con menores, serán esenciais, aspectos como o comportamento durante a viaxe ou as pautas que deben seguir os viaxeiros para acceder ou baixar do autobús.

Poderíamos definir o transporte escolar como o servizo que se emprega para trasladar o alumnado menor de dezaseis anos dende o lugar onde técnica e legalmente sexa posible, ata o centro docente no que estea escolarizado, sempre que o seu domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que se sitúa o centro escolar e á distancia regulamentaria establecida.

O transporte escolar xestionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia realízase en vehículos autorizados e está destinado a alumnas e alumnos que cursen ensinanzas de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria, en centros públicos dependentes da mesma.

### **1.2. BENEFICIARIOS DO TRANSPORTE ESCOLAR**

- O transporte escolar considérase un servizo educativo complementario, que se presta de balde a todos os alumnos que reúnan determinados requisitos.

Ten dereito ao transporte escolar gratuito:

- O alumnado de educación infantil, educación primaria e ensinanza secundaria obrigatoria que curse estudos no centro público que lle corresponda por adscrición, sempre que este diste máis de dous quilómetros do seu domicilio, ou que por existir circunstancias excepcionais o autorice expresamente a Consellería de Educación.

- O alumnado escolarizado en centros de educación especial ou en centros de escolarización preferente, se as necesidades derivadas da discapacidade dos mesmos dificultan o seu desprazamento ao centro público correspondente.

### **1.3. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO**

O servizo de transporte escolar préstase mediante:

- Rutas de transporte escolar contratadas directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, para o servizo dos centros públicos non universitarios. Nos centros concertados e privados, o servizo de transporte escolar poderán contratalo os titulares dos mesmos ou as asociacións de pais e nais de alumnos legalmente constituídas, que deben reunir os requisitos establecidos no Real decreto 443/2001, do 27 de abril.

- Requisitos especiais que é necesario cumprir no transporte escolar:

#### **■ 1.3.1. Duración da viaxe**

## FEDERACION GALEGA DE ASOCIACIONES DE TRANSPORTE DE VIAXEROS EN AUTOCAR

Como norma xeral, a duración máxima do traxecto non deberá pasar dunha hora en cada sentido da viaxe. Respectaranse, así mesmo, os tempos de condución e descanso obrigatorios para os condutores.

■ 1.3.2. Horario: Os horarios dos traxectos axustaranse ao horario escolar dos centros de destino, permitíndose, xeralmente, unha marxe de 10 minutos de espera antes da hora de entrada na clase. Cando a ruta afecte a dous ou máis centros de destino (servizo combinado), estableceranse os horarios de chegada e saída do servizo de transporte escolar, regulando procedementos que aseguren garantías similares de calidade para todo o alumnado.

■ 1.3.3. Medidas básicas de precaución: Tanto os usuarios como os transportistas deben respectar as normas de comportamento, que garantirán un servizo de calidade.

■ 1.3.4. Acompañante de transporte escolar

Establece os casos nos que se esixe a figura do acompañante escolar:

- Nos transportes públicos regulares de uso especial de escolares por estrada, cando polo menos a terceira parte, ou máis, dos/das alumnos/as teña unha idade inferior a dezaseis anos no momento no que empezou o correspondente curso escolar.

- Cando se transporten alumnos de centros de educación especial.

- Nos transportes públicos discrecionais de viaxeiros en autobús, cando tres cuartas partes dos viaxeiros sexan menores de dezaseis anos.

- En calquera dos transportes anteriores, cando, ao menos, o 50% dos viaxeiros sexa menor de doce anos.

Será unha persoa maior de idade, distinta do condutor, que deberá:

- Coñecer o funcionamento dos mecanismos de seguridade do vehículo.

- Encargarse do coidado dos menores, tanto durante o transporte como nas operacións de acceso e abandono do vehículo.

En caso de que falte o acompañante, non se poderá realizar o transporte, salvo que a non realización do mesmo implique un risco maior para os menores.

O transportista é o responsable de cumprir esta obriga, independentemente de a quen corresponda contratar o acompañante.

■ 1.3.5. Itinerario e paradas

Dispón que tanto o itinerario como as paradas serán, exclusivamente, as estipuladas na autorización administrativa. A parada final deberá situarse, cando sexa posible, no interior do recinto do colexio. Se non fose así, na beirarrúa contigua á porta do recinto, sempre á dereita no sentido da marcha. Se tampouco resulta posible, procurarase pasar dun lado a outro da vía coa maior seguridade posible, requirindo nova sinalización ou a presenza dun axente, se cómpre. Ambas as dúas deben estar sinaladas correctamente, para facilitar a súa identificación.

## Bloque 2: Os vehículos dedicados ao transporte escolar

### 2.1. PERMISO ESPECIAL DO CONDUTOR

Segundo esta norma, a condución de vehículos de transporte escolar ou de menores precisa, ademais do correspondente carné do condutor, unha autorización especial que o habilite para este fin. O condutor ten a obriga de levar este permiso especial xunto ao permiso de conducir e mostralo a calquera axente da autoridade que llo esixa. A súa vixencia será a mesma que a do permiso de conducir de superior clase que posúa o condutor. A prórroga será igualmente idéntica á do permiso, segundo determine a Xefatura Provincial de Tráfico.

Os requisitos para obter este permiso especial de transporte escolar son:

- Posuír e manter en vigor o carné de conducir da clase que corresponda ao vehículo.
- Carecer de antecedentes no Rexistro Xeral de Condutores e Infractores ou non ter sido sancionado con suspensión do permiso de condución en vía administrativa ou condenado a pena de privación do dereito a conducir vehículos a motor. Os antecedentes deben considerarse cancelados segundo o disposto nos artigos 136.2.2 do Código Penal e 82 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobada polo Real decreto 339/1990, do 2 de marzo.
- Presentar a solicitude en impreso oficial, ademais do permiso de conducir en vigor ante a Xefatura Provincial de Tráfico. O importe que hai que aboar (segundo as taxas oficiais do ano 2009) é de 9,40 euros por cada ano de vixencia.

### 2.2. ANTIGÜIDADE

Establece que, como regra xeral, a antigüidade dos vehículos non debe superar os dez anos ao inicio do curso escolar, contados dende a súa primeira matriculación. Non obstante, poderase admitir a contratación de vehículos cunha antigüidade superior, sempre que se cumpran en conxunto, as seguintes condicións:

- Que o vehículo non supere os 16 anos de antigüidade, contados dende a súa primeira matriculación, ao comezo do curso escolar.
- Que o vehículo se dedicase con anterioridade ao transporte escolar. Se isto non fose así, admítase a contratación do vehículo, naqueles casos nos que a empresa presenta o certificado de despezamento doutro vehículo, que no presente curso escolar ou no anterior tivese adscrita unha autorización de transporte regular de uso especial de escolares.

Os vehículos cunha antigüidade superior aos 16 anos ao comezo do curso escolar, contada dende a súa primeira matriculación ou posta en servizo, non poderán realizar o servizo de transporte escolar.

Para efectos de cómputo da antigüidade considerarase o día 1 de setembro como data de inicio do curso escolar.

### 2.3. TACÓGRAFOS

A norma determina a obrigatoriedade do uso de tacógrafos nos vehículos do transporte de persoas e mercadorías, dispoñendo que os vehículos en servizo destinados ao transporte escolar suburbano e interurbano, calquera que sexa a súa antigüidade, deberán estar equipados cun tacógrafo.

Non obstante, a propia norma fixa tamén que os vehículos dedicados ao transporte de persoas, tanto de servizo público como privado, cunha capacidade de ata nove prazas, incluído o condutor, e os vehículos destinados ao transporte de viaxeiros en servizos regulares cun percorrido inferior a 50 quilómetros, deberán estar equipados con tacógrafos.

Os discos-diagrama son competencia do condutor, polo que en caso de cambio de vehículo, os debe levar con el e non deixalos no autobús anterior.

Deberán respectarse as normas relativas aos tempos de conducción e descanso dos condutores establecidas no Real decreto 2242/1996, do 18 de outubro.

### 2.4. VELOCIDADE

Regula a velocidade dos vehículos dedicados ao transporte escolar dispoñendo que:

A velocidade máxima á que poden circular debe ser 10 km/h inferior ás establecidas habitualmente:

Autoestradas e autovías	90 km/h
Estradas convencionais	80 km/h
Resto de vías fóra de poboación	70 km/h
Vías urbanas e travesías	50 km/h

### 2.5. SINALIZACIÓN

Os vehículos destinados ao transporte escolar identificaranse, durante a realización do servizo, co sinal V10 e co logotipo da Xunta de transporte gratuíto, por medio dos sinais:

O sinal situarase dentro do vehículo, nas partes frontal e posterior, de xeito que resulte visible dende o exterior.

Non obstante, este distintivo poderá ser substituído polo que se inclúe no anexo do Real decreto 443/2001, do 27 de abril, que estará provisto dun dispositivo luminoso.

### **Bloque 3: Condicións técnicas dos autobuses**

Os vehículos destinados ao transporte escolar deben contar cunha autorización administrativa especial. Ademais, teñen que cumprir os seguintes requisitos:

- 3.1. Homologación do vehículo: Na categoría M, de acordo co disposto no Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se ditan as normas sobre homologación do tipo de vehículos automóbiles.
- 3.2. Normas internacionais de resistencia da súa estrutura: Para os vehículos dun único piso e de máis de 22 prazas.
- 3.3. Fiestras: A apertura das fiestras non excederá un terzo da súa altura e estará situada na parte superior das mesmas. As fiestras de emerxencia, sen bisagras, serán de fácil apertura.
- 3.4. Pantalla de protección: O asento do/a condutor/a debe ir protexido por unha pantalla transparente. Se non existise suficiente altura, o tamaño desta pode xa que logo reducirse.
- 3.5. Cintos de seguridade: Os asentos situados fronte aos ocos de escaleiras ou os que non estean protexidos polo respaldo doutro anterior colocado a unha distancia máxima de 80

## FEDERACION GALEGA DE ASOCIACIONES DE TRANSPORTE DE VIAXEROS EN AUTOCAR

centímetros entre a cara dianteira do respaldo dun asento e a cara posterior do asento que o precede, deben contar con cintos de seguridade que proporcionen aos seus ocupantes un nivel suficiente de seguridade.

Os asentos situados fronte aos corredores, cando sexan ocupados por menores de 16 anos, dispoñerán de cintos de seguridade debidamente homologados. Estes asentos só van poder ocupalos nenos e nenas de cinco a once anos, cando se dean as seguintes circunstancias:

- Os cintos terán tres puntos de ancoraxe.
- Contarán con coxíns elevadores de distintas alturas, que permitan axustar os cintos ás súas medidas.

A norma regula o uso dos cintos de seguridade nos autobuses dedicados ao transporte escolar. Os autobuses matriculados a partir desta data?, deberán dispoñer de cinto de seguridade en cada asento. En concreto, fixa o:

- Uso obrigatorio, tanto para o/a condutor/a como para os pasaxeiros de máis de tres anos de idade, na circulación por vías urbanas e interurbanas, en vehículos con máis de nove prazas, incluída a do/a condutor/a. Se a estatura non supera os 135 centímetros, os cintos e coxíns deben estar adaptados ao seu talle e peso.

■ 3.6. Capacidade: A capacidade do vehículo vén determinada polo número de prazas. Cada menor ocupará un único asento. Esta medida acaba co perigoso costume de transportar tres nenos/as en cada par de asentos ou contar a cada menor de 12 anos como media praza, o que permitía levar antes dous nenos/as en cada asento. Se fose preciso, deberán reservarse, nas proximidades das portas de servizo, as prazas necesarias para persoas con mobilidade reducida. O alumnado menor de 12 anos non poderá ocupar a praza contigua á do condutor.

■ 3.7. Portas: As portas de servizo serán manipuladas polo/a condutor/a mediante un dispositivo de apertura a distancia. A apertura destas sinalizarase coas luces de emerxencia. As portas de servizo dispoñen de barras ou agarradoiras para facilitar as operacións de subida e baixada.

As portas de emerxencia abríranse facilmente dende o interior e dende o exterior, non poderán accionarse con dispositivos de reserva de enerxía e terán un dispositivo que avise o/a condutor/a cando non estean completamente cerradas. Estas deberán estar identificadas cun rótulo no que aparezan as inscricións: "SAÍDA DE EMERXENCIA OU SAÍDA DE SOCORRO", visible dende o interior e o exterior.

■ 3.8. O piso: O piso do vehículo non poderá ser escorregadizo e as beiras dos chanzos das escaleiras serán de cores vivas para facilitar as operacións de subida e baixada. Cando se realice o traslado de alumnos con graves afectacións motoras, deberán contar con axudas técnicas que favorezan o seu acceso e abandono.

■ 3.9. Saídas de evacuación: Deberá dispoñer de dúas, situadas no teito do autobús e visibles ao longo do corredor.

■ 3.10. Caixa de primeiros auxilios e extintor: Todos os vehículos deben estar dotados de extintor de incendios e de caixa de primeiros auxilios, situados normalmente preto do asento do condutor. En vehículos de ata 23 prazas é obrigatorio un extintor, mentres que en vehículos de máis de 23 prazas cómpre levar 2 extintores (un cerca de cada porta).

■ 3.11 Martelo rompecristais de seguridade: Os vehículos deben estar dotados dun martelo rompecristais debidamente protexido, para utilizar unicamente en casos de emerxencia. Ponse ao lado das xanelas, é sempre de cor vermella e vai convenientemente sinalizado para facilitar a súa visualización.

## **Bloque 4. O acompañante escolar**

### **4.1. DEREITOS E OBRIGAS DO/A ACOMPAÑANTE ESCOLAR**

Establece a obrigatoriedade da presenza, a bordo do vehículo, en determinados supostos, do/a acompañante escolar co obxectivo de acadar unha maior seguridade no transporte dos alumnos dende a parada ata o centro escolar.

Esta persoa encargarase da vixilancia e coidado do alumnado transportado, mentres permanece no vehículo e tamén ao subir e baixar do mesmo. Ocuparase, así mesmo, da recollida e o acompañamento dos alumnos dende ou ata o recinto escolar, cando sexa posible, e sempre primando a seguridade dos/das alumnos/as.

O acompañante, deberá coñecer o funcionamento dos mecanismos de seguridade do autobús.

Cada familia debe coidar da seguridade no traslado dos seus fillos dende o domicilio familiar ata o lugar da parada e no tempo de espera ata a chegada do vehículo, e viceversa, cando se trate do retorno ao fogar familiar.

#### Obrigatoriedade

Establece a obrigatoriedade da presenza do/a acompañante:

- Cando se realicen transportes de escolares e de menores en autobús, e que polo menos o 50% dos viaxeiros sexa menor de 12 anos.
- Cando se realicen transportes públicos regulares de uso especial de escolares, especificándose así na correspondente autorización de transporte, e nos casos dos/das alumnos/as de centros de educación especial.
- Cando se realicen transportes públicos discrecionais de viaxeiros en autobús, cando tres cuartas partes, ou máis, sexan menores de dezaseis anos.

#### Duración do servizo

O servizo de acompañante de transporte escolar empezará ao inicio do percorrido e rematará á súa finalización.

Os itinerarios e horarios daqueles transportes que teñan por obxecto o traslado dos menores entre o seu domicilio e o centro escolar no que cursan estudos, deberán ordenarse de tal forma que en circunstancias normais resulte posible que o tempo máximo que permanezan no vehículo non chegue a unha hora por cada sentido da viaxe, prevendo unicamente que se acade esta duración máxima en casos excepcionais debidamente xustificadas.

En todo caso, na realización de calquera dos transportes deberán respectarse as normas relativas aos tempos de condución e descanso dos condutores.

#### As entidades organizadoras do servizo:

Establece como obriga das entidades que contratan a realización dalgún dos transportes escolares ou de menores:

- Acreditar o acompañante, excepto nos casos nos que sexa a empresa que o contrata, a encargada de facelo.
- Esixirlle ao transportista que acredite:



## FEDERACION GALEGA DE ASOCIACIONES DE TRANSPORTE DE VIAXEROS EN AUTOCAR

- a) Que é titular da correspondente autorización de transporte ou da concesión administrativa.
- b) Que está en posesión do correspondente certificado de ITV específica en vigor.
- c) Que subscribe os contratos de seguro de responsabilidade civil ilimitada regulamentariamente esixidos.

### 3.2. CONDICIÓNS LABORAIS

En principio, a contratación do acompañante de transporte escolar pode efectuarse de diferentes modos, ben pola Administración educativa directamente, ou incluíndo este aspecto no contrato de transporte escolar. No ámbito do transporte escolar en Galicia ata agora, asume esta obriga a empresa contratante do correspondente transporte escolar, acreditando ante a Administración educativa as condicións de idoneidade do persoal que vaia prestar o servizo e de acordo coas previsións incluídas na normativa e acordos vixentes na materia.

A contratación farase en conformidade coas condicións establecidas na lexislación laboral e de seguridade social vixentes e respectando o contido dos convenios colectivos do sector da actividade.

#### Obrigas do acompañante

Son obrigas do persoal que realiza as funcións de acompañante:

- Acompañar os/as alumnos/as dende a parada ata o recinto escolar, e viceversa.
- Asegurarse de que aos rapaces os recollen seus pais, nais, titores ou outra persoa fidedignamente autorizada por eles, e en caso contrario, non se lle deixará baixar ao neno do autobús.
- Levar unha relación nominal que inclúa os seguintes datos: nome e apelidos do/a alumno/a, nivel no que está escolarizado e parada na que se incorpora á ruta e un teléfono de contacto dos pais. Este documento será facilitado pola dirección do centro.
- Comunicar á dirección do centro e á súa empresa calquera alteración ou incidencia relevante que xurda no traxecto.
- Coñecer os mecanismos de seguridade do vehículo e a localización da caixa de primeiros auxilios.
- Comprobar que todos os vultos (mochilas, bolsas, etc.) estean no seu sitio, sen entorpecer corredores nin accesos, e que non supoñan ningún risco para o alumnado durante o percorrido.
- Velar polo cumprimento dos dereitos e deberes dos alumnos, evitando condutas inadecuadas poñendo en coñecemento da dirección do centro escolar ou do/a coordinador/a do transporte escolar as faltas de disciplina do alumnado, se as houberse.
- Ocupar praza nos arredores da porta de servizo central ou traseira.

#### O acompañante nas paradas:

- Baixará primeiro e comprobará que non vén ningún vehículo, indicando despois o momento axeitado para o acceso e o abandono do vehículo.
- Non lles permitirá aos alumnos e alumnas pasar por diante do autobús, sen mirar antes se vén algún vehículo.

#### O acompañante en caso de avaría do vehículo

- Coidará, sobre todo, da seguridade dos usuarios do servizo.
- Fará o posible por manter a calma e tranquilizar os usuarios.
- Informará enseguida á dirección do centro.
- Atendendo ás circunstancias de cada caso, non permitirá que os/as alumnos/as baixen do autobús.

### O acompañante en caso de accidente

- En primeiro lugar, solicitará auxilio aos servizos de emerxencia (061 urxencias sanitarias), 112 (asistencia a unha situación de risco), agrupación de tráfico, policía civil, policía local.... É importante logo que o/a acompañante coñeza e identifique os lugares polos que discorre o itinerario de maneira precisa, xa que así pode dar indicacións correctas aos servizos de emerxencia.
- Fará todo o posible por manter a calma e tranquilizar os usuarios.
- Comunicará o accidente á dirección do centro.
- Valorará os posibles danos físicos e protexerá os accidentados, socorrerá en función dos seus coñecementos sobre primeiros auxilios, absténdose de facer nada que poida prexudicar a saúde dos feridos.

### O acompañante en caso de que un escolar se poña enfermo

- Valorará a situación, e se na súa opinión a enfermidade non é grave, rematará o servizo e comunicará o feito ao centro escolar, pai, nai ou titor, segundo o caso.
- Se a enfermidade na súa opinión é grave, chamará os servizos sanitarios de urxencia e comunicará o feito ao pai, nai ou titor e á dirección do centro.

### O acompañante na ruta e nunha excursión

- O acompañante terá un especial coidado en comprobar que só vai un ocupante por asento.
- Non permitirá que haxa usuarios viaxando de pé.
- Non consentirá máis usuarios que prazas.

## **Bloque 5. Dos usuarios, nais e pais e centros escolares**

### 5.1. DEREITOS E OBRIGAS DO ALUMNADO COMO USUARIO DO TRANSPORTE

Os usuarios/as do transporte escolar son os alumnos do centro escolar correspondente. Derivado disto, gozan dunha serie de dereitos e tamén de obrigas.

#### Dereitos:

- Á información axeitada sobre a normativa vixente do transporte escolar e de menores.
- Ao uso diario do autobús escolar nas debidas condicións de calidade e seguridade.
- A un trato correcto por parte do acompañante e do condutor.
- A que o autobús se deteña nas paradas establecidas para tal efecto.
- A contar cun lugar adecuado no vehículo para pousar o material escolar (mochilas, carteiras, cartafoles, etc.)

#### Obrigas:

- Ser puntual á hora de coller o autobús e mostrar un bo comportamento durante o seu uso.
- Facer unha boa utilización do autobús dándolle un trato apropiado e tendo coidado de que se manteña limpo.
- Atender e obedecer as instrucións do condutor e do acompañante.
- Permanecer sentado durante a viaxe. Subir e baixar con orde do autobús.
- Colocar no lugar idóneo o material escolar.
- Comunicar os pais ou titores á dirección do centro escolar, coa suficiente antelación e por escrito, aquelas datas nas que non vai utilizar o/a alumno/a o transporte escolar.

### 5.2. ORIENTACIÓNS PARA NAIS E PAIS

Moitos son os factores que interveñen no funcionamento do transporte escolar, de aí que someter a control as distintas variables non sexa sinxelo. Só conseguiremos prestarlle ao alumnado un servizo digno, seguro e de calidade se todos nós contribuímos á súa mellora.

Unha das partes fundamentais neste proceso é a implicación da familia. Nais, pais e titores legais, se é o caso, teñen unha responsabilidade importante na seguridade dos seus fillos e fillas tocante ao transporte escolar. A educación desde idades temperás crea hábitos no neno e, á súa vez, determina formas de conduta beneficiosas para cando o rapaz medre. Deste xeito, unha adecuada ensinanza e un bo exemplo son as bases sobre as que se debe sustentar unha correcta educación. Polo tanto, é preciso a colaboración activa de nais e pais para que os nenos e nenas aprendan a comportarse con seguridade como peóns, cando soben e baixan do autobús e cando van dentro del.

As situacións de risco poden activarse ou agravarse, polo que cómpre controlar e asegurarse de que os rapaces e as rapazas coñecen e cumpren as seguintes regras:

- Chegar con tempo á parada, polo menos 5 minutos antes da hora á que se prevé que pase o autobús, respectando así os horarios establecidos para o servizo de transporte escolar.
- Non correr para chegar ao autobús, nin tampouco para subir nin para baixar.
- Retirarse cara a atrás cando chega o autobús, mantendo unha distancia de seguridade respecto ao autobús.
- Non empurrar os/as compañeiros/as no momento de subir ou baixar.
- Permanecer sentado/a no seu sitio durante todo o percorrido.
- Non berrar nin alborotar dentro do autobús, xa que isto distrae o/a condutor/a.
- Seguir as indicacións da persoa acompañante e do/a condutor/a.
- Cando sexa imprescindible, cruzar por diante do autobús a unha distancia non inferior a 3 metros, xa que facelo por detrás resulta perigoso.
- Non agacharse nunca debaixo nin nas proximidades do autobús, porque implica un gran risco debido á escasa visibilidade do condutor.

As nais, pais e titores legais tamén deben colaborar para minimizar as situacións de risco:

- Comprobando que o/a seu fillo/a leva todos os utensilios e materiais na mochila ben pechada, para que non caian polo camiño, e sobre todo, cando estea preto ou dentro do autobús.
- Os cordóns da roupa e do calzado poden ser perigosos, preste atención e se é necesario elimine, acurte ou substitúaos por calquera outro tipo de suxeición. Tamén debe avisar sobre o perigo das capuchas, que moitas veces reducen a visibilidade lateral, e do uso de auriculares.
- Non deixe que o seu fillo/a corra e xogue dando empuxóns na parada do autobús, xa que é moi perigoso.
- Se vai agardar o seu fillo/a co coche á parada, sempre que sexa posible, intente estacionar o vehículo no mesmo lado da estrada que a parada do autobús para que o/a neno/a non teña que atravesar a rúa, evitando así unha situación de risco.
- Se nalgunha ocasión decide recoller o seu fillo/a no centro escolar, non esqueza avisar e entregar no centro un escrito no que conste que, baixo a súa responsabilidade ese día e nun dos

traxectos, non utilizará o transporte escolar. Desta forma, o centro poderá informar o acompañante escolar, evitando así calquera tipo de malentendido.

- Vostede velará pola seguridade no traslado dos seus fillos e fillas dende o domicilio ata a parada correspondente, así como ata a chegada do autobús e igual ocorrerá cando se trate da súa recollida.

### 5.3. ORIENTACIÓNS PARA CONDUTORES

O/a condutor/a, como unha parte máis do servizo, debe seguir unha serie de recomendacións:

- Manter un trato respectuoso cos/coas acompañantes, alumnos/as, nais e pais, restrinxindo as conversas con eles.
- Conducir con prudencia respectando sempre os sinais de tráfico.
- Ser respectuoso con outros condutores e cos peóns.
- Asegurarse, mediante unha revisión básica diaria e ocular, de que o autobús se encontra en perfecto estado.
- Coñecer polo miúdo a ruta que se lle asignou.
- Procurar que os horarios das rutas se cumpran o máis rigorosamente posible.
- Realizar as paradas nos lugares previstos para tal efecto, extremando as medidas de precaución nas manobras de estacionamento do vehículo.
- Colaborar co/coa acompañante para que se acaten as normas de disciplina e comportamento dentro do autobús.

### 5.4. A COLABORACIÓN DOS CENTROS ESCOLARES EN RELACIÓN CO CONTROL E SEGUIMENTO DO SERVIZO

A consideración do transporte escolar como servizo educativo complementario é o que determina o interese e o esforzo que se realizan para que se leve a cabo coa máxima calidade e nas mellores condicións de seguridade. Por todo isto, a grande responsabilidade que o servizo comporta, esixe a implicación de toda a comunidade educativa.

As directoras e directores dos centros educativos, receptores das rutas de transporte, son os colaboradores clave para axudar aos responsables da Consellería de Educación e que o servizo de transporte escolar se faga en condicións de calidade e seguridade. Para un axeitado cumprimento desta función, poderán delegar ou axudarse doutro profesional do centro, que será o/a coordinador/a do transporte escolar.

Ao comezo do curso escolar, a dirección do centro ou o/a coordinador/a de transporte comunicarlles ás nais e pais dos usuarios do servizo de transporte escolar o horario e os puntos de saída e de chegada.

Se se detectasen deficiencias no servizo de transporte e/ou da persoa acompañante, a dirección do centro ou o/a coordinador/a do servizo transmitirallas verbalmente á empresa para a súa corrección, sen prexuízo da súa notificación por escrito ao Servizo Provincial de Recursos Educativos Complementarios. Estas irregularidades poderán ser descubertas tanto polo propio centro, como polo alumnado ou polas familias.

### ALGUNHAS SUXESTIÓNS

- Desenvolver a educación viaria nas aulas: Tanto nas cidades como nas zonas rurais, os automóviles están presentes dunha ou doutra forma. Hoxe resulta imprescindible, xunto á adquisición de competencias tradicionais, aprender a coñecer os riscos e beneficios do tráfico moderno e, máis concretamente, no caso dos nenos do autobús escolar, xa que a meirande parte dos estudantes en idade escolar debe usar este medio de transporte acotío para desprazarse aos seus centros educativos.
- Aproveitar o autobús escolar para dispensar educación viaria no traxecto: Mentres dura o traxecto, o/a acompañante pode darlles algúns consellos sobre educación viaria aos/ás alumnos/as.
- Coidar da seguridade no percorrido casa-colexio: A educación viaria impartida nos centros educativos non debe limitarse ás aulas, senón que debe preocuparse dos alumnos unha vez que as abandonan, proporcionándolles os medios para que o traxecto da casa ao colexio sexa o máis seguro posible, evitando accesos ao centro por zonas excesivamente perigosas ou favorecendo o uso de rutas seguras.

### ANEXO 1. Decálogo de boas prácticas

Os viaxeiros son as persoas que van nun vehículo e non son o condutor. Sempre se pensa que todas as obrigas con respecto á seguridade viaria corresponden ao condutor, e isto non é verdade, os pasaxeiros tamén teñen a súa responsabilidade e normas que deben cumprir.

As normas que cumprirá todo pasaxeiro dun autobús ou doutro medio de transporte colectivo, pódense agrupar arredor dos seguintes aspectos: ao ir á parada, ao subir ao autobús, dentro do autobús e ao baixar do autobús.

#### Ao ir á parada...

- Chega sempre á parada con tempo dabondo, polo menos 5 minutos antes da hora en que o autobús ten prevista a chegada.
- Se hai que cruzar a rúa, faino en todo momento por diante do autobús. Afástate, cando sexa posible, uns 3 metros (5 pasos grandes) camiñando pola beirarrúa ou beiravía. Recorda que debes mirar, sempre, primeiro á esquerda, despois á dereita e logo, outra vez á esquerda. Os coches veñen primeiro pola esquerda. Se hai coches aparcados que non che deixen ver, dirixete ao paso de peóns máis próximo.
- Ao atravesar, comproba que o/a condutor/a te pode ver e de que ti podes ver o condutor. Obedece as súas indicacións.
- Agarda o autobús na área designada, nun lugar seguro e lonxe da estrada.

#### Ao subir no autobús...

- Cando se aproxime o autobús mantente sempre afastado, a uns 2 metros de distancia del, e deixa que se achegue ata a beirarrúa para que ti non teñas que baixar dela.
- Agarda a que o autobús pare, a que porta se abra e o/a condutor/a ou o/a acompañante che dean o seu visto e prace para entrar.
- Nunca camiñes por detrás do autobús, porque o/a condutor/a pode non te ver.

## FEDERACION GALEGA DE ASOCIACIONES DE TRANSPORTE DE VIAXEROS EN AUTOCAR

- Non empurres os teus compañeiros e sube tranquilamente pola porta que che corresponde.
- Utiliza as varandas para evitar as caídas. Cando subas ao autobús ten coidado de que a roupa con colgantes e as mochilas ou bolsas escolares non enganchen nalgún saínte.
- Se che cae algo cerca do autobús, dílo ao/á condutor/a ou ao/á acompañante. Non trates de collelo ti, porque o/a condutor/a podería non te ver.

Dentro do autobús...

- Unha vez que esteas dentro do autocar, senta no teu sitio.
- Cando o autobús se pon en marcha, queda no sitio que che asignou o acompañante.
- Sigue sempre as instrucións do/a acompañante e do/a condutor/a.
- Non berres nin alborotes. Deixa que o/a condutor/a se concentre no seu traballo. Lembra que este consiste en levarte á casa e ao colexio nas mellores condicións.
- Non xogues con ningún dos sinais nin con outros elementos importantes que haxa no autobús, como o martelo rompecristais.
- Coida e mantén limpo o vehículo. Non comas nin bebas nel, e trata ben os asentos.
- A coordinación entre acompañante e condutor é de vital importancia para que todo marche ben. Colabora con eles/as axudando, por exemplo, aos compañeiros que teñen dificultades.

Ao baixar do autobús...

- Usa as varandas das escaleiras, non vaías caer.
- Igual que ao subir, asegúrate de que non levas nada enriba de ti (roupa, capucha do abrigo, cadeas, etc.) ou na túa mochila que poida enganchar nas varandas das escaleiras ou nas portas.
- O autobús podería poñerse en marcha mentres ti estás tratando de saír.
- Se precisas cruzar a rúa, faino por diante do autobús. Camiña pola beirarrúa ou polo bordo da estrada ata uns tres metros (5 pasos grandes). Antes de atravesar, repara en que o/a condutor/a te pode ver e de que ti podes velo a el, para seguir as súas indicacións.
- Deberemos parar un pouco antes de baixar e mirar en ambas as direccións antes de facelo.

### ANEXO 2: Preguntas frecuentes

- En caso de que o "bus escolar" pare a 200 ou 300 m. do centro educativo, debe a persoa acompañante conducilos ata a porta do centro?
- É obriga da persoa acompañante levalos ata a entrada do centro educativo, independentemente do tempo de espera do bus ou de calquera outra circunstancia similar.
- No caso dun "bus escolar" de transporte de secundaria no que se contemple a figura d@ acompañant@ (máis do 50% é menor de 12 anos), e o bus teña a parada nun aparcamento a unha certa distancia do instituto, débese acompañar a este alumnado ata a porta do centro ou pode ir só co resto do alumnado do instituto que vén noutros autobuses?

## FEDERACION GALEGA DE ASOCIACIONES DE TRANSPORTE DE VIAXEROS EN AUTOCAR

- En todos os casos nos que se precisa a figura d@ acompañant@, a persoa irá co alumnado que ten ao seu coidado ata a porta do centro, independentemente desta ou doutras circunstancias.
- Se unha persoa vén recoller un/unha alumn@, e non é aquela que o fai habitualmente, pode recoller o nen@ ou deberá identificarse e traer a autorización pertinente?
- Deben recollelos os seus pais/nais ou unha persoa debidamente autorizada para facelo. De non ser así, non deixaremos que baixen do autobús e avisaremos ao centro escolar ou á súa familia, se fose o caso.
- Pode realizarse o transporte se a persoa acompañante non está presente?
- Non, salvo que a non realización do transporte implique un maior risco para os/as usuarios/as.
- Onde estará a persoa acompañante durante a viaxe?, Terá que levar algún tipo de documentación?
- O/a acompañante deberá ocupar unha praza nas inmediacións da porta de servizo central ou traseira. Deberá levar unha acreditación expedida pola entidade organizadora do servizo, ademais do chaleco fluorescente e os sinais de tráfico.
- Como deben comunicar as nais e pais que o seu fillo/a non vai utilizar o transporte escolar?
- Preferentemente, por escrito ao centro.
- Quen organiza as paradas?
- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Poden os autobuses de dous pisos prestar o servizo de transporte escolar?
- Con carácter xeral, non, pero é posible a súa autorización cando estes fosen homologados.
- En canto ao uso de cintos, que nos dita a lei?
- Nos autobuses matriculados antes de setembro do 2006, son obrigatorios os cintos de seguridade nos asentos situados fronte aos ocios das escaleiras ou naqueles que non están protexidos polo respaldo doutro. Nos asentos situados fronte ao corredor, tamén serán obrigatorios cando os ocupen menores de 16 anos. Estes só poderán ser ocupados por nenos e nenas de entre 5 e 11 anos, cando teñan tres puntos de ancoraxe e dispoñan de coxíns elevadores.
- Nos autobuses matriculados a partir de setembro de 2006, serán obrigatorios en todos os asentos.
- Cales son as funcións da familia respecto ao transporte escolar?
- A familia ten a responsabilidade e o compromiso de proceder activamente na seguridade dos seus fillos e fillas, colaborando para minimizar as situacións de risco.
- Se no momento de deixar o alumnado non están as persoas que teñen que recollelo, cal debe ser a actuación da persoa acompañante?

## FEDERACION GALEGA DE ASOCIACIONES DE TRANSPORTE DE VIAXEROS EN AUTOCAR

- acompañante nestes casos debe preocuparse, sobre todo, pola seguridade da nena ou neno. Por tanto, aínda que se poidan derivar algunhas molestias, o máis seguro é que a nena ou neno permaneza no vehículo, e ao rematar o percorrido a empresa responsable do transporte escolar intente contactar co centro escolar e cos familiares encargados da custodia do pequeno.
- En caso de que non poidan localizarse, deberá poñerse este feito en coñecemento da autoridade competente.
- Nos autobuses escolares é obrigatorio facer simulacros sobre o comportamento que se debe seguir en caso de accidentes de tráfico?
- Non existe norma xurídica que estableza esta obriga; daquela, a resposta é necesariamente negativa.
- Cando é obrigatoria a presenza da persoa acompañante?
- Durante todo o percorrido debe estar presente o acompañante. O Real decreto 443/2001, do 27 de abril, é moi claro ao establecer no seu artigo 8 que:

A figura do acompañante escolar é esixible:

- Nos transportes públicos regulares de uso especial de escolares por estrada, cando polo menos a terceira parte, ou máis, dos alumnos/as teña unha idade inferior a dezaseis anos no momento no que comezou o correspondente curso escolar.
- Cando se transporten alumnos de centros educación especial.
- Nos transportes públicos discrecionais de viaxeiros en autobús, cando tres cuartas partes dos viaxeiros sexan menores de dezaseis anos.
- En calquera dos transportes anteriores, cando, polo menos, o 50% dos viaxeiros é menor de doce anos.
- É obrigatorio que no autobús escolar, o condutor ou ben o acompañante leven algún sistema de comunicación?
- Non existe norma xurídica que estableza esta obriga, por conseguinte, a resposta é necesariamente negativa.

### Anexo 3. Normativa aplicable

#### Normativa nacional

- Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 1211/1990, no que se desenvolve. Nestas normativas básicas de transporte, regúlase todo o referente aos transportes de viaxeiros por estrada, as autorizacións e concesións de transporte.

- Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores. É a norma que desenvolve as condicións de seguridade para os transportes escolares: a antigüidade dos vehículos, as súas características técnicas, elementos de seguridade, sinais, inspeccións técnicas, etc. Igualmente, establece a obrigatoriedade da figura do acompañante de transporte escolar, os requisitos dos condutores destes autobuses, velocidades, itinerarios, seguros obrigatorios, infraccións e sancións.

- Real decreto 894/2002, do 30 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.

- Sentenza do 11 de abril da Sala Terceira do Tribunal Supremo, pola que se anula o parágrafo segundo do artigo 14 do Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.

#### Normativa autonómica



## FEDERACION GALEGA DE ASOCIACIONES DE TRANSPORTE DE VIAXEROS EN AUTOCAR

- Real decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de escolares e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia (DOG n.º 121, de 27 de xuño). Este decreto, anterior ao Real decreto 443/2001 do Ministerio de Fomento, regula no ámbito de Galicia o transporte escolar por estrada en uso das competencias atribuídas á Xunta de Galicia polo Estatuto de Autonomía.
- Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, do 15 de decembro do 1989, de desenvolvemento do Decreto 160/1988 (DOG n.º 6, de 30 de outubro).
- Real decreto 342/1998, do 27 de novembro (DOG n.º 235, de 3 de decembro), polo que se modifica o Decreto 160/1988, do 9 de xuño, no que se regula a prestación dos servizos de escolares e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.  
Normativa complementaria do transporte escolar
- Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, Inspección Técnica de Vehículos (inspeccións específicas), polo que se regula as inspeccións específicas sobre os requisitos que deben cumprir os vehículos dedicados a transporte escolar e de menores.
- Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, Regulamento Xeral de Vehículos (Anexo XI, sinal V-10), onde se regulan as características do sinal V-10 que, de xeito obrigatorio, deben levar os vehículos de transporte escolar e de menores.
- Real decreto 772/1997, do 30 de maio, Regulamento Xeral de Condutores. No que se recollen, entre outros, as condicións e requisitos que deben cumprir os condutores profesionais dedicados ao transporte escolar.
- Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, Regulamento Xeral de Circulación. Polo que se establecen as condicións para a circulación por vías públicas para os vehículos de transporte de viaxeiros por estrada, incluído o transporte escolar.
- Real decreto 1032/2007 do XX de xullo, sobre Formación Obrigatoria de Condutores Profesionais do Transporte por Estrada, no que se recolle a formación inicial obrigatoria (CAP), que deberán recibir as persoas que queiran acceder ao título de condutor profesional de vehículos de transporte de viaxeiros e mercadorías por estrada. No caso dos condutores de transporte de viaxeiros, esta formación é obrigatoria dende o 11 de setembro do 2008.